



CONCELLO DE
SANTIAGO


Departamento de Deportes

ESTUDO ECONÓMICO SERVIZO DE CONSERXERÍA

29 de OUTUBRO

2010

Estudo económico para a prestación do servizo de conserxería e limpeza a realizar en varias instalacións deportivas municipais.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Deportes

ESTUDO ECONÓMICO PARA O CONTRATO DE CONSERXERÍA E LIMPEZA A DESENVOLVER EN VARIAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

1. CONSERXERÍA

Este estudo económico ven determinado en relación á prestación do servizo de conserxería a desenvolver nos campos de fútbol de Santa Isabel, As Cancelas, San Lázaro (Sergas) e Vilvestro e nos pavillóns de Lorenzo de la Torre, Pontepedriña, Fontiñas, Vite e Restollal. Para o cálculo económico deste servizo considérase o Convenio estatal de instalacións deportivas e ximnasios (DOGA de 20 de setembro de 2010).

1. A.- CAMPOS DE FÚTBOL DE SANTA ISABEL, AS CANCELAS E SAN LÁZARO (SERGAS)

Apertura das instalacións durante 11 meses ao ano, estando pechadas previsibelmente desde o 10 de xullo ao 10 de agosto.

Horario estimado de luns a venres de 16,30 a 23,30 horas.
Sábados e Domingos de 9 a 22 horas, ininterrompidamente.

Horas totais luns a venres: 7 h/día x 5 días/semana = 35 horas
Horas totais sábado e domingo: 26 horas.

$61 \text{ horas/semana} \times 4,34 \text{ semanas/mes} = 264,74 \text{ horas/mes} \times 11 \text{ meses} = 2.912,14 \text{ horas/ano.} \checkmark$

Tres instalacións: $2.912,14 \text{ horas/ano} \times 3 = 8.736,42 \text{ horas/ano} \cong \underline{8.736 \text{ h/ano}}$ \checkmark

Estas horas corresponden aos períodos de tempo nos que o servizo se presta continuamente cos horarios antes sinalados. A maiores debemos de considerar o importante número de festivos nos que é preciso que se abran estas instalacións que se sumarían ás calculadas.

13 festivos x 8 horas/día = 104 horas


Tres instalacións: 104 horas/ano x 3 = 312 horas

Segundo o artigo 26 do convenio de aplicación temos que considerar 1,5 h. por hora traballada en festivo, é dicir,

$312 \text{ h. en festivos} \times 1,5 \text{ h.} = \underline{468 \text{ h. ordinarias.}}$ \checkmark

1.B.- CAMPO DE FÚTBOL DE VILLESTRO

Dadas as características particulares desta instalación que ten o seu uso en parte hipotecado por unha entidade deportiva da cidade, e tendo en conta que polo de agora non están definidos os criterios de utilización da mesma, partimos do suposto de que as necesidades iniciais serán de 38 horas a semana, a



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Deportes

realizar de luns a domingo, en horarios similares aos dos campos anteriormente indicados. Consideramos tamén 11 meses de apertura.

$38 \text{ h/semana} \times 4,34 \text{ semanas/mes} \times 11 \text{ meses} = 1.814,12 \text{ horas/ano} \approx \underline{1.814 \text{ h/ano}}$ ✓

13 festivos \times 8 horas/día = 104 horas

Segundo o artigo 26 do convenio de aplicación temos que considerar 1,5 h. por hora traballada en festivo, é dicir,

104 h. en festivos \times 1,5 h. = 156 h. ordinarias. ✓

Polo tanto, o número total de horas de conserxería a realizar nos campos de fútbol son:

$8.736 \text{ h.} + 468 \text{ h.} + 1.814 \text{ h.} + 156 \text{ h.} = \underline{11.174 \text{ horas/ano de conserxería a realizar nos campos de fútbol.}}$ ✓

1. C. PAVILLÓN LORENZO DE LA TORRE

Apertura da instalación durante 10 meses ao ano, estando previsibelmente pechada desde o 1 de xullo ao 31 de agosto.

Horario estimado de luns a venres de 9,30 a 14,30 horas e de 16,30 horas a 23,30 horas.

Fins de semana un máximo de 12 horas, nunca posterior das 22 horas

Horas totais luns a venres: $12 \text{ h/día} \times 5 \text{ días/semana} = 60 \text{ horas/semana}$

Fins de semana: 12 horas

$72 \text{ h/semana} \times 4,34 \text{ semanas/mes} = 312,48 \text{ h/mes} \times 10 \text{ meses} = 3.124,8 \approx \underline{3.125 \text{ horas/ano.}}$

A maiores debemos de considerar o importante número de festivos nos que é preciso que se abra esta instalación que se sumarían ás calculadas.


10 festivos \times 8 horas/día = 80 horas

Segundo o artigo 26 do convenio de aplicación temos que considerar 1,5 h. por hora traballada en festivo, é dicir,

80 h. en festivos \times 1,5 h. = 120 h. ordinarias.

Polo tanto,

$3.125 \text{ horas/ano} + 120 \text{ horas} = \underline{3.245 \text{ horas/ano no pavillón Lorenzo de la Torre}}$



1. D. PAVILLÓNS DA PONTEPEDRIÑA E FONTIÑAS

Apertura das instalacións durante 10 meses ao ano, estando pechadas desde o 1 de xullo ao 31 de agosto.

Horario estimado de luns a venres de 8,30 a 14.30 horas e de 16,30 horas a 23,30 horas.
Fins de semana un máximo de 12 horas, nunca posterior das 22 horas

Horas totais luns a venres: 13 h/día x 5 días/semana = 65 horas/semana
Fins de semana: 12 horas

77 h/semana x 4,34 semanas/mes = 334,18 h/mes x 10 meses = 3.341,8 horas/ano.
Dúas instalacións: 3.341,8 horas/ano x 2 = 6.683,6 horas/ano \approx 6.684 horas/ano

A maiores debemos de considerar o importante número de festivos nos que é preciso que se abran estas instalacións que se sumarían ás calculadas.

10 festivos x 8 horas/día = 80 horas
Dúas instalacións: 80 h. x 2 = 160 horas/ano
Segundo o artigo 26 do convenio de aplicación temos que considerar 1,5 h. por hora traballada en festivo, é dicir,
160 h. en festivos x 1,5 h. = 240 h. ordinarias

Polo tanto,
6.684 horas/ano + 240 horas = 6.924 horas/ano nos pavillóns Pontepedriña e Fontiñas.

1.E. PAVILLÓNS DO RESTOLLAL E VITE

Cálculase a necesidade de 20 horas de conserxería de media a semana por cada polideportivo, en horario preferente de fin de semana, para poder manter o servizo actual.

Consideramos 10 meses de apertura.

20 h./semana x 4,34 semanas/mes x 10 meses = 868 horas
Dúas instalacións: 868 h x 2 = 1.736 horas/ano

Polo tanto, o número total de horas de conserxería a realizar nos polideportivos son:

3.245 h. + 6.924 h. + 1.736 h. = 11.905 horas/ano de conserxería nos polideportivos.

Así que, en definitiva, se sumamos as horas de conserxería de todas as instalacións estudadas anteriormente temos o seguinte total:



11.174 horas campos de fútbol + 11.905 horas de polideportivos = **23.079 horas de conserxería ao ano no total das instalacións consideradas neste estudo.**

1.2.-PERSONAL NECESARIO

Pois ben, dado que o número total de horas de conserxería ascende a 23.079, para calcular o custo do servizo debemos repartir estas horas entre os traballadores que farán falta para executalas e valoralo de acordo cos salarios de convenio.

De acordo co convenio estatal de instalacións deportivas e ximnacios, os traballadores destinados a este contrato terán unha xornada anual de 1.755 horas.

➤ CAMPOS DE FÚTBOL

Entón, 11.174 horas totais a realizar nestas instalacións dividido entre a xornada anual a considerar de 1.755 h., resulta un total de 6,36≈ **6,4 traballadores** necesarios para prestar o servizo.

➤ PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS

Entón, 11.905 horas totais a realizar nestas instalacións dividido entre a xornada anual a considerar de 1.755 horas, resulta un total de 6,78≈ **6,8 traballadores** necesarios para prestar o servizo.

En total necesítanse 13,2 traballadores para atender a conserxería das instalacións obxecto deste estudo. Non obstante consideramos a cantidade de **13,5 traballadores para compensar, en parte, o absentismo laboral e a nocturnidade.**

1.3.-VALORACIÓN ECONÓMICA


Procede agora valorar o custe destes traballadores de acordo cos salarios do convenio. Para isto é necesario distinguir entre os tres traballadores que foron subrogados ao novo contrato e que están actualmente a prestar o servizo cos mesmos salarios que se consideraron no estudo de abril deste ano. O resto dos traballadores aplicaráselles, de acordo co convenio, a categoría grupo 4, nivel II.

Salario persoal a subrogar uno.

7.599,6 euros/ano de salario base + 1.266,6 euros de pagas extras + 4.227 de incentivos:
13.093,2 € total cotizable + 4.582,62 € seguridade social (35%) = 17.675,82 € (dividimos entre 12 meses e multiplicamos por 11 de apertura)

Salario persoal a subrogar dous.

7.599,6 euros/ano de salario base + 1.266,6 euros de pagas extras + 7.641 de incentivos:
16.507,2 € total cotizable + 5.777,52 € seguridade social (35%) = 22.284,72 € (dividimos entre 12 meses e multiplicamos por 11 de apertura)



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Deportes

Salario persoal a subrogar tres.

7.599,6 euros/ano de salario base + 1.266,6 euros de pagas extras + 7.840,92 de incentivos:
16.707,12 € total cotizable + 5.847,49 € seguridade social (35%) = 22.554,61 € (dividimos entre 12 meses e multiplicamos por 11 de apertura)


Salario dun grupo 4, nivel II segundo convenio de aplicación (táboas salariais 2011)

9.729 euros/ano de salario base + 1.621,56 euros de pagas extras= 11.350,56 € total cotizable +
3.972,70 € seguridade social (35%) + 480 € de plus de transporte = 15.803,26 €.

Tendo en conta que debemos de considerar 10,5 traballadores x 15.803,26 €/por persoa o total deste apartado sería de 165.934,23≈ **165.935 €.**

En definitiva,

Sumadas as contías consideradas o custo do servizo de conserxería sería : 17.675,82 € + 22.284,72 € + 22.554,61 € + 165.935 € = **228.450,15 €/ano.**



2. LIMPEZA

O custo económico do servizo de limpeza estímase cun número de horas consideradas como as necesarias para afrontar os traballos cunhas mínimas garantías de satisfacción para o Concello nas instalacións que a continuación se detallan. O cálculo que se recolle no cadro seguinte é unha estimación baseada na experiencia e na superficie dos distintos centros. Para o cálculo económico deste servizo aplicarase o Convenio provincial do sector de limpeza de edificios e locais.

INSTALACIÓN	HORAS DE LIMPEZA
Campos de fútbol	35 horas/semana
Polideportivos	30 horas/semana

Nota 1: Este horario é a repartir entre os 7 días da semana, polo que tamén vai incluída a fin de semana.

Nota 2: A carga horaria diminúe no suposto dos campos de Vilvestro e Belvís.

Polo tanto, faise de novo necesario distinguir entre os campos de fútbol e pavillóns.

2.A.- CAMPOS DE FÚTBOL DE SANTA ISABEL, AS CANCELAS E O SAN LÁZARO (SERGAS)

O número total é de 35 horas/semana X 3 instalacións x 4,34 semanas/mes x 11 meses = 5.012,7 horas/ano.

A maiores debemos de considerar o importante número de festivos nos que é preciso que se abran estas instalacións que se sumarían ás xa calculadas.

13 festivos x 3 horas/día x 3 instalacións = 117 horas

Neste caso o convenio de aplicación non recolle compensación horaria por festivo.

Polo tanto,

5.012,7 horas/ano + 117 horas = 5.129,7 \cong 5.130 horas de limpeza/ano a realizar nos tres campos de fútbol.

2.B. CAMPOS DE FÚTBOL DE VILLESTRO E BELVÍS

Para estes campos consideramos unha media de 20 horas de limpeza a semana a realizar en cada un deles. O número de horas é menor con respecto ás instalacións anteriormente comentadas dado que no caso do Vilvestro a limpeza non se realizará todos os días e, no suposto do campo de Belvís trátase dunha instalación máis pequena dado que unicamente dispón dun terreo de xogo de fútbol 7 e de dous vestiarios colectivos.

20 h/semana x 4,34 semanas x 11 meses x 2 instalacións = 1.909,6 horas/ano.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Deportes

A maiores debemos de considerar un número estimado de festivos – inferior en todo caso aos cuantificados nas instalacións anteriores- nos que é preciso que se abran estas instalacións que se sumarían ás xa calculadas.

7 festivos x 3 horas/día x 2 instalacións = 42 horas

Neste caso o convenio de aplicación non recolle compensación horaria por festivo.

Polo tanto,

$1.909,6 \text{ horas/ano} + 42 \text{ horas} = \underline{1.951,6} \cong 1952 \text{ horas de limpeza/ano a realizar nestes campos de fútbol.}$

Polo tanto, o número total de horas de limpeza a realizar nos campos de fútbol son:

$5.130 \text{ h.} + 1952 \text{ h.} = \underline{7.082 \text{ horas/ano de limpeza a realizar nos campos de fútbol.}}$

2.C.- PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS DE LORENZO DE LA TORRE, PONTEPEDRIÑA E FONTIÑAS

O número total é de 30 horas/semana x 3 instalacións x 4.34 semanas/mes x 10 meses = 3.906 horas/ano

A maiores debemos de considerar o importante número de festivos nos que é preciso que se abran estas instalacións que se sumarían ás xa calculadas.

10 festivos x 3 horas/día x 3 instalacións = 90 horas

Neste caso o convenio de aplicación non recolle compensación horaria por festivo.

Polo tanto,

$3.906 \text{ horas/ano} + 90 \text{ horas} = \underline{3.996 \text{ horas de limpeza/ano a realizar nos tres polideportivos}}$

En conclusión, o número de horas anuais de limpeza a realizar en todas as instalacións obxecto de estudo son de:

$7.082 \text{ h. en campos de fútbol} + 3.996 \text{ h. en polideportivos} = \underline{11.078 \text{ horas anuais de limpeza}}$

Ademais, considérase necesario incluír unha bolsa de horas para unha limpeza específica de cristais e fregados, para o que se estima como razoable comprometer 30 horas ao mes. Así, $30 \text{ horas/mes} \times 10 \text{ meses} = \underline{300 \text{ horas de operario especialista.}}$



2.1.-PERSOAL NECESARIO

Aplicamos o mesmo criterio que para o servizo de conserxería de repartir o número de horas entre os traballadores.

Pois ben, dado que o número total de horas de limpeza ascende a 11.078, para calcular o custo do servizo debemos repartir estas horas entre os traballadores que farán falta para executalas e valoralo de acordo cos salarios de convenio (ano 2010).

De acordo co convenio provincial de aplicación, a xornada anual dun traballador é de 1.755 horas/ano.

> CAMPOS DE FÚTBOL

Entón, 7.082 horas totais do servizo a realizar nestas instalacións, dividido entre a xornada anual a considerar que é de 1.755 horas/ano, resulta un total de **4,04 traballadores** necesarios para prestar o servizo.

> PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS

Entón, 3.996 horas totais do servizo a realizar nestas instalacións, dividido entre a xornada anual a considerar que é de 1.755 horas/ano, resulta un total de **2,28 traballadores** necesarios para prestar o servizo.

En total necesítanse 6,32 \cong 6,5 traballadores para atender a limpeza das instalacións obxecto deste estudo.


Por outra banda, no caso do **operario especialista** serían 300 h/ano dividido entre 1.755 horas/ano, resulta un total de **0,17 traballadores**.

2.2.-VALORACIÓN ECONÓMICA

Procede valorar de novo o custo en relación ao salario, aplicando a categoría de convenio de peón ou limpadora.

Salario de peón/limpadora: 10.449,24 euros + 784,08 plus de asistencia + 2.612,31 de pagas extras = 13.845,63 total cotizable + 4.845,97 seguridade social (35%) + 779,40 plus de transporte= 19.471 €

Tendo en conta que debemos de considerar a 6,5 traballadores por 19.471 €/persoa o total deste apartado é de **128.316,5 €/ano**.



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Deportes

No caso do operario especialista o cálculo total sería:

Salario de operario especialista: 10.718,64 euros + 784,08 plus de asistencia + 2.679,66 de pagas extras = 14.182,38 total cotizable + 4.963,83 seguridade social (35%) + 779,40 plus de transporte = 19.925,61 €

Tendo en conta que debemos considerar a 0,17 traballadores por 19.925,61 €/persoa o total deste apartado ascende á cantidade de 3.387,35 \cong **3.387 €/ano.**

En definitiva,

Sumadas as contías consideradas o custe do servizo de limpeza sería : 128.316,5 € + 3.387 € = 131.703,5 €/ano.

VALORACIÓN ECONÓMICA

CUSTE TOTAL DO CONTRATO

CONSERXERÍA 228.450,15 euros/ano

LIMPEZA 131.703,50 euros/ano

Subtotal 360.153,65 euros/ano

Gastos xerais (13%) 46.819,97 euros/ano

Beneficio industrial (6%) 21.609,22 euros/ano

Subtotal 428.582,84 euros/ano

IVE (18%) 77.144,91 euros/ano

TOTAL 505.727,75 euros/ano

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010


Asdo: **Juan C. Garabato Rodríguez**
TÉCNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA